

portadas



28-05-2007
O PP, sen cidades

Apenas medio ano despois de nacer, *LV* afrontou a cobertura informativa das súas primeiras eleccións, as municipais de 2007. Nelas, o PP cedeu as cidades de Ferrol, Vigo e Ourense, co que quedou fóra do goberno nas sete urbes. Tamén perdeu a Deputación de Lugo, seguindo a tendencia das autonómicas de 2005. Foi sen dúbida unha das portadas do ano no que *LV* se deu a coñecer.



22-12-2008
Toca o Gordo

LV prestou sempre grande atención ao sorteo de lotería de Nadal, pero de forma moi especial en 2008, cando o número 32.265 deixou máis de 3 millóns de euros en Allariz e case outro millón máis en Piñor de Cea, sendo ademais a primeira vez que caía o Gordo na provincia de Ourense. Nese ano, a portada de *LV* cambiaba de deseño pola súa alianza co xornal *ADN*, do grupo catalán Planeta.



02-03-2009
A 'reconquista' do PP

O 1 de marzo de 2009, co *LV* aínda asociado con *ADN*, a portada do ano foi sen dúbida a reconquista da Xunta por parte do PP. Núñez Feijóo convertíase en presidente de Galicia tras catro anos de Goberno bipartito encabezado por Touriño e Quintana. A perda dun deputado do BNG na Coruña foi a mínima diferenza que permitiu a Feijóo recuperar a Xunta que perdera Fraga en 2005.



06-11-2010
Bieito XVI en Galicia

O Xacobeo 2010 marcou todo o ano en Galicia, sendo un remedio contra a crise ao recibir a comunidade máis de 8 millóns de visitantes e bater o seu récord de peregrinos. Entre eles, un moi ilustre, o papa Bieito XVI, que en novembro quixo visitar Compostela "como un peregrino de fe máis". A súa visita foi sen dúbida unha das novas máis destacadas dun ano de crise económica brutal.



02-05-2011
A fin de Bin Laden

Nunha operación de película en Paquistán, case dez anos despois dos atentados do 11-S, os EE UU daban unha das novas máis agardadas polo planeta: a captura e morte de Osama Bin Laden, autor intelectual do atentado contra as torres xemelgas e líder de Al Qaeda. Houbo polémica por tirar o cadáver ao mar. Meses despois, unha serie de revoltas acabaron con ditadores como Gadafi, Mubarak ou Ben Ali.

PALABRAS CON MEMORIA

Proxecto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) para recuperar palabras nosas en desuso, ou sexa, en perigo de extinción. Palabras e expresións que non recollen os dicionarios. O/A visitante da web www.aelg.org pode consultar o glosario mensualmente actualizado e tamén enriquecelo enviando os vocábulos que teña arrombados no faio da lembranza ao enderezo palabra.con.memoria@aelg.org ou cubrindo un formulario. Se algunha palabra enviada non aparece na listaxe é que foi localizada nalgún dicionario.

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMARIA
Cultura e Turismo

NO JUEGUE CON SU DINERO

Deje en manos de su asesor fiscal el próximo movimiento

COSTAS ASESORES, S.L.
Asesoramiento Fiscal y Empresarial

Plaza Mayor, 29-1ºD
27001-Lugo
Teléfono: 982 221 007
Fax: 982 246 006
buzon@costasasesores.es
www.costasasesores.es